


# CUMIEIRA

## *Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 8 - 2023

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)





# CUMIEIRA

*Cadernos de investigación  
da nova Filoloxía Galega*

**Vol. 8 – 2023**

**Xosé A. Fernández Salgado (ed.)**

**Departamento de Filoloxía Galega e Latina**

**UNIVERSIDADE DE VIGO**

Cumieira : Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 8/Xosé A. Fernández Salgado (ed.). -- Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2023

132 p.; 24 cm

D.L. VG 648-2023

ISBN 978-84-8158-987-0

1. Filoloxía Galega. I. Fernández Salgado, Xosé Antonio, ed. lit. II. Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, ed.

© Departamento de Filoloxía Galega e Latina (Universidade de Vigo)

© Iría Domínguez Márquez, Simon Moll, Estefanía López Tanoira, Lucía Salceda García, Aranzazu Luna Díaz, Helena Domínguez García

© Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

**Revisión científica do volume 8:**

Benigno Fernández Salgado (UVigo), Ana Iglesias Álvarez (UVigo), Antía Monteagudo Alonso (UVigo - CILR), Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo) e Xosé A. Fernández Salgado (UVigo)

**Maquetación:** Xosé A. Fernández Salgado

**Deseño da portada:** Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

**Edición:**

Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo  
Facultade de Filoloxía e Tradución  
Campus das Lagoas-Marcosende - 36310 Vigo

**Impresión:** Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

**Dep. Legal:** VG 648-2023

**ISBN:** 978-84-8158-987-0

*CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega* aparece recollida na base de datos DIALNET, en BILEGA, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna), en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL.

## Índice/*Index*

- 9**      Limiar /  
          *Introduction*
- 11**     IRIA DOMÍNGUEZ MÁRQUEZ  
          O emprego do artigo co posesivo con nomes de parentesco no galego contemporáneo /  
          *The use of the article with the possessive with names of kinship in the contemporary Galicians*
- 41**     SIMON MOLL  
          Identidades, ideoloxías e actitudes lingüísticas dos neofalantes /  
          *Linguistic identities, ideologies and attitudes of new speakers of Galician*
- 69**     ESTEFANÍA LÓPEZ TANOIRA  
          Monolingüismo en educación infantil: as linguas dos pais e o alumnado dun CEIP de Pontevedra /  
          *Monolingualism in early childhood education: The languages of parents and pupils in a Pontevedra Primary School*
- 105**    LUCÍA SALCEDA GARCÍA  
          A figura literaria da bruxa como ferramenta de análise dos roles de xénero nas aulas /  
          *The literary figure of the witch as a tool for analyzing gender roles in the classroom*
- 121**    Recensións / *Reviews*  
  
          Rivas, Fabio (2023): *A pintura debida*. Vigo Edicións Xerais,  
          por ARANTXA LUNA DÍAZ.  
  
          Luna, Aranzazu / Gonzalo Navaza (2022): *Toponimia do Val de Fragoso 8. Valadares*. Vigo: ANL / Universidade de Vigo,  
          por HELENA DOMÍNGUEZ GARCÍA

- 127** Autoras e autores de *Cumieira*, vol. 8 /  
Cumieira's *authors*
- 129** Normas para o envío de orixinais /  
*Manuscript submissions guidelines. Information for authors*

# A FIGURA LITERARIA DA BRUXA COMO FERRAMENTA DE ANÁLISE DOS ROLES DE XÉNERO NAS AULAS

*The literary figure of the witch as a tool for analyzing gender roles  
in the classroom*

Lucía Salceda García

Universidade do Algarve  
SalcedLucia@gmail.com

DOI: <https://doi.org/10.35869/cumieira.v8.23.4>

**Resumo:** A literatura é unha das principais vías de transmisión de condutas e valores sociais. Así, o seu rol educador convértease nunha das ferramentas máis valiosas dentro das aulas pola súa influencia no alumnado, sobre todo en materias como Lingua e literatura galegas, onde os rapaces e rapazas se atopan expostos a textos nos que aínda se perpetúan roles de xénero machistas, acorde coa tradición heteropatriarcal. Coñecendo o poder que presenta a literatura, é lóxico que se entenda que esta pode dar cabida a un cambio de perspectiva e de comportamento nas aulas, posto que pode servir de medio para realizar actividades nas que o alumnado valore e reflexione sobre estas cuestións, traballando a súa comprensión oral á par que o seu pensamento crítico. Deste xeito, o propósito deste traballo consiste en analizar os roles de xénero a través da figura da bruxa, personaxe protagonista das obras escollidas como corpus de traballo para ser levado ás aulas.

**Palabras chave:** bruxas, literatura infanto-xuvenil, *Valdemuller*, roles de xénero, alumnado.

**Abstract:** Literature is one of the main channels for the transmission of behaviour and social values. In this way, its role as an educational element makes it one of the most valuable tools in the classroom. It is claimed that literary texts have a strong influence on students, especially in subjects such as Language and Galician Literature, where boys and girls are fully exposed to narratives and texts that still perpetuate sexist gender roles, in conformity with heteropatriarchal tradition. Acknowledgment of the power of literature can hopefully lead to a change of perspective and behaviour in the classroom, as it can serve as a means to carry out activities for students to value and reflect on these issues by working on reading comprehension and critical thinking. Therefore, the purpose of this paper will be to analyse gender roles through the figure of the witch, who will be the main character of the works chosen to make up the corpus to be analysed.

**Key words:** witches, children's literature, *Valdemuller*, gender roles, students.

CUMIEIRA. *Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*

Dpto. de Filoloxía Galega e Latina, Universidade de Vigo

Vol. 8, 2023, pp. 105-119, ISBN: 978-84-8158-987-0

## 1. O rol moralizador na literatura infanto-xuvenil<sup>1</sup>

A literatura caracterizouse dende os seus comezos por ser unha das principais vías de transmisión de valores e condutas sociais, pois exerce nos rapaces e rapazas unha forte influencia e, dese xeito, eríxese nunha peza fundamental dentro da educación. Debido, precisamente, ó seu rol moralizador e á súa función educativa, non se entende como, en xeral, as propostas de lectura que se lle ofrecen ó alumnado nas aulas son antigas e obsoletas, perpetuando así roles de xénero e condutas sociais que non van da man dos cambios que se intentan introducir dende o propio sistema. Esta función social é unha cuestión que xa se pode observar na literatura de tradición oral, onde se empregaba como unha ferramenta máis para perpetuar as normas e os valores, unha tarefa que actualmente desenvolven os centros educativos e institucións que, anteriormente, non existían ou non eran accesibles para todo o mundo. É por iso polo que as familias recorrían a lendas, contos e historias coas que poder ensinalles ós rapaces e rapazas como debían comportarse. Esta influencia foi estudada en numerosas investigacións, como é a de Olmo Salazar (2020), que, tras analizar o papel dos contos infantís na transmisión de valores, conclúe:

Los cuentos se configuran como un material didáctico y educativo en la transmisión de actitudes, valores, comportamientos, ideas, emociones y/o expectativas que irán asumiendo desde sus primeros contactos con el contexto que les rodea. Tanto de manera explícita como implícitamente, los cuentos lanzan mensajes que ayudan a las personas a configurar la realidad de una manera simplificada y normativa, tendente a reproducir las pautas de pensamiento y conducta socialmente establecidas por el modelo patriarcal y androcéntrico, generador de desigualdades entre sexos. (Olmo Salazar 2020: 10)

Por outra banda, a adolescencia é unha das etapas máis vulnerables dos individuos, xa que se atopan en constantes cambios hormonais, así como nunha profunda busca da súa personalidade, a cal pasa por continuas mudanzas e alteracións dependendo dos diversos factores e contextos ós que se expoñen. Por iso é importante que os centros de ensino axuden a cada alumno e alumna a atopar un camiño baseado na igualdade e no respecto, co fin de conseguir eliminar determinados padróns e condutas de convivencia que aínda perpetúan a desigualdade entre homes e mulleres. Este incremento polo interese na consecución

---

<sup>1</sup> Dedicado á miña familia por apoarme sempre; aos meus amigos pola confianza e, en especial, a miña bisavoa Claudina Fortes por ensinarme todo o que sabía da cultura popular galega.

dun cambio vai ligado á necesidade inmediata de erradicar estes comportamentos na adolescencia. Este problema pode observarse en todo tipo de alumnado, aínda que poden exercer unha maior influencia nos estudantes do primeiro ciclo, xa que presentan unha menor concienciación sobre as actitudes sexistas. Este descoñecemento podería estar causado por factores como a educación recibida nos seus respectivos fogares, que ensinan un tipo de convivencia máis positivo ou negativo.

Como solución a este problema, o sistema educativo puxo en marcha unha serie de medidas para reconducir este tipo de condutas nas aulas. A igualdade é un dos obxectivos establecidos pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, que «adopta un enfoque de igualdade de xénero a través de la coeducación y fomenta en todas las etapas el aprendizaje de la igualdad efectiva de mujeres y hombres, la prevención de la violencia de género y el respeto a la diversidad afectivo-sexual». É por iso polo que se debe reflexionar arredor da utilidade das propostas dos diferentes centros e, polo tanto, pensar en introducir novos métodos que traten esta cuestión e que afonden nos aspectos máis complexos. Algunhas autoras xa reflexionan sobre a necesidade de traballar estes valores nas aulas. Exemplo disto son as investigacións de Chantreiro Poceiro (2016), titulada «A educación en valores a través da literatura», e a de López Villar (2021), *Representaciones de la Bruja en la creación audiovisual contemporánea (2000-2019): videoarte, cine y televisión*. Ambos os traballos serán fundamentais no marco teórico da presente proposta, pois neles trátase a educación a través da literatura á vez que se presenta a personaxe da bruxa como unha figura feminina manipulada pola sociedade heteropatriarcal, que, polo tanto, acaba converténdose nunha ferramenta máis da perpetuación dos roles de xénero.

Esta educación en valores debe observarse en todos os aspectos da vida académica, facéndolle comprender ó alumnado que se trata dunha cuestión que abarca todos os eidos da súa formación. Por iso, este traballo centrarase na importancia de abordar os roles de xénero a través de textos literarios, analizando co alumnado os padróns de conduta que se atopan na figura da bruxa para, posteriormente, analizar como isto repercute no propio desenvolvemento das rapazas; estas, aínda que non busquen facelo, rematan imitando algúns destes comportamentos. Ademais, tamén se levará a cabo unha proposta de lecturas para, despois, comentar a necesidade de traballar coas obras literarias que le o alumnado, xa que é importante ensinalles como estas presentan valores negativos e positivos que inflúen no seu desenvolvemento como membros da sociedade. Partindo desta idea, Olmo Salazar (2020: 5) afirma na súa tese esta necesidade:

Los cuentos que deberemos utilizar para erradicar estos estereotipos y roles sexistas tendrán que transmitir [...] personajes alternativos a los tradicionales, que sean referentes y modelos diferentes para estos niños y niñas.

## 2. Os roles de xénero na figura da bruxa

Os estereotipos de xénero sempre perpetuaron a situación de subordinación da muller, idealizando unha figura feminina submisa e dependente do home. Esta idea foi xa traballada pola investigadora Camiño Noia, que nun dos seus estudos sobre a literatura tradicional oral galega afirma que «as mulleres descríbense pola súa relación co home [...] reproducindo o modelo tradicional, á parte de coidar da casa e da familia, só traballan de modista ou menciñeira» (Noia Campos 2018: 16). Aínda que a perspectiva da literatura tradicional marcou esta perpetuación dos roles de xénero, o certo é que para as adolescentes de hoxe en día foi chave a influencia recibida a través dos contos clásicos, que comezaron a universalizarse máis tarde, tras a filtración que levou a cabo a industria Disney de contos clásicos infantís como *Branca de Neve*, *Cincenta*, *A Sereíña*... Neles, as protagonistas seguían o canon establecido para as mulleres, converténdose así no modelo a seguir das nenas que lían estes contos.

Porén, estas princesas son, realmente, falsas protagonistas, xa que a súa aparición depende dos personaxes masculinos dos seus contos. Esta submisión ó home reflíctese claramente na repetición da idea da muller como boa esposa ou como boa nai, figura que debía cumprir sempre coas esixencias que demandan os homes e fogares onde viven completamente oprimidas. Aínda que a industria de Disney se encargou de manter esta subordinación da muller, tamén ofreceu unha perspectiva máis capitalista e fomentou a idea de que o valor da muller dependía de cuestións tan superficiais como a súa beleza ou os seus vestidos, motivo polo que as princesas sempre eran caracterizadas como mulleres fermosas e adornadas cuns vestidos de cores e accesorios marabillosos; esta cuestión aínda segue presente na sociedade actual (véxase o Anexo 1 ó final deste traballo). Ismael Ramos (2009) xa analiza esta idea da beleza como un dos aspectos máis perseguidos pola industria Disney:

Aunque el lamido lema Disney repita hasta la saciedad que la belleza está en el interior, es innegable que nuestras niñas ven a guapas princesas que enamoran a guapos y fuertes príncipes por ser guapas y no por descubrir el radio. El modelo de belleza física que se les propone a las niñas cambia según cánones de la época. (Ramos 2009: 25)

Pola contra, as bruxas que aparecen nestas historias foron representadas dun xeito completamente oposto, afastándose de todo o «naturalmente feminino» e sufrindo un proceso de demonización representado a través de continuos adxectivos pexorativos: feas, solitarias, solteiras, malas, vellas... Así, en contraste coas princesas fermosas, alegres e submisas, foi moi sinxelo asentar o modelo de muller que pretendía a sociedade. Ademais, as bruxas, aínda que non dependían de ningún home, víronse igualmente marcadas, neste caso, pola súa non-relación con eles, sinaladas como as solteironas. Esta descrición forma parte do proceso de ridiculización e deslexitimación que sufriron as mulleres dende hai décadas; en palabras de Beteta Martín (2016: 25), «las brujas configuran un arquetipo de monstruo femenino que, con variaciones, ha pervivido en el imaginario occidental hasta la actualidad».

Isto, ademais de intensificar os roles de xénero da sociedade, fai que as lectoras destas historias se vexan realmente influenciadas á hora de escoller un personaxe que lle sirva como modelo para seguir; decisión que tamén foi manipulada pola dualidade tradicional do bo e do malo. No seu traballo, Ros García comenta este vínculo existente entre as historias dos contos e o crecemento crítico das nenas e dos nenos:

Para los/as niños/as, como para los/ as adultos/as, cada nuevo libro, supone el análisis de una experiencia de vida. La identificación con los personajes nos hace sentir protagonistas mientras dura la lectura, somos héroes y heroínas, somos valientes y somos frágiles, reímos y lloramos, nos enfrentamos a nuestros miedos y tomamos decisiones. Cada personaje se configura como un modelo a imitar, o a criticar pero nunca deja indiferente a un buen lector/a. (Ros García 2012-2013: 335)

Esta dualidade pode observarse perfectamente no conto de *Branca de Neve*. Nel, unha tranquila e agradable princesa, fermosa e querida por todo o mundo, remata por ser envelenada a través dunha mazá que lle ofrece unha muller de idade xa avanzada e cun aspecto físico desagradable e que, ademais, representa o puro sentimento da envexa pola beleza de Branca de Neve. O mesmo aconteceu coa Sereíña, que tendo unha vida marabillosa, decidiu mudar o seu corpo e abandonar a súa familia para, finalmente, namorar un home; unha conduta bastante machista que a sociedade logrou agochar centrando a atención en Úrsula, a bruxa fea e mala que fixo infeliz a «pobre» Ariel. Deste xeito, a maneira en que sempre se remata culpando ás bruxas fai que as lectoras simpaticen aínda menos con elas, afastándose de todos os valores negativos que, ó longo dos anos, conformaron á figura das

bruxas. Esta idea de culpar as meigas<sup>2</sup> e, polo tanto, promover actitudes e comportamentos sociais sexistas a través da súa figura xa fora comentada por López Villar (2021: 39) na súa tese:

Efectivamente, los cuentos de hadas parecen contar con una función educativa clara, y es en este sentido en el que proponen pautas de comportamiento acordes con el sistema de valores establecido, perpetuando roles y clichés sexistas. En los relatos populares, se puede entender que la figura de la bruja es la encarnación de lo negativo, de la amenaza y, en definitiva, del miedo.

Este medo do que fala López Villar é unha estratexia máis para afastar as rapazas e reconducilas cara a un modelo feminino moito máis submiso e inofensivo para a sociedade heteropatriarcal. O feito de provocar temor e rexeitamento cara ás bruxas é unha proba máis deste poder que presenta a literatura na educación, actuando coma unha forte influencia que, en maior ou menor medida, determinará certos aspectos da personalidade de cada individuo. Isto, finalmente, é un argumento máis a favor deste traballo, que parte da idea de que o profesorado debe atopar novas propostas de lectura, así como novos métodos para traballar os valores sociais que se presentan nestas co alumnado, axudándoos cunha lectura guiada da que poidan extraer reflexións como membros desta sociedade.

### 3. Analizar os roles de xénero a través da figura da bruxa

#### 3.1. Os valores negativos na representación tradicional da bruxa

Partindo deste panorama, escollerase un pequeno corpus de obras protagonizadas por bruxas, unha figura coa que se dialogará para traballar co alumnado nas aulas e, desa forma, analizar con eles a presenza e a perpetuación dos roles de xénero e debater como se foi construíndo esa evolución arredor desta personaxe, que na actualidade xa consegue representar unha maior diversidade de mulleres e, polo tanto, de rapazas. Así, proporase traballar cuestións máis profundas con eles a través da lectura obrigatoria de *Valdemuller* (1997) de Xosé A. Neira Cruz, deixando a superficialidade que se adoita empregar nas avaliacións ou controis das lecturas

---

<sup>2</sup> Neste traballo empréganse ambas denominacións como sinónimas, de maneira totalmente indistinta, aínda que algúns investigadores propoñen diferenciar entre os termos *bruxa* e *meiga*: «Lisón Tolosana, dinos que mentres a meiga é a causante de doenzas, a bruxa é a que cura e mantén aos axentes danos alonxados da comunidade» (Blanco Prado 2007: 2).

obrigatorias; enténdese que estas obras non só deberían avaliarse a través de pequenos traballos ou exames de contido, senón que é preciso que se dialogue cos libros empregados mediante outro tipo de actividades para fomentar o pensamento crítico do alumnado e a súa capacidade de comprensión e reflexión individual.

A intención de fomentar unha convivencia máis igualitaria realizarase a través da análise de determinadas obras de lectura protagonizadas pola figura da bruxa, entendéndoa na actualidade como un personaxe positivo; esta perspectiva permitiralle ó alumnado analizar como foi descrita e ridiculizada ó longo dos anos. A cuestión dará lugar a actividades en que poidan practicar o debate e a reflexión crítica. A idea de traballar os valores sociais a través da literatura xa foi comentada por Chantreiro Poceiro (2016: 122): «Na educación das aulas os libros son esenciais; ferramentas idóneas para contribuír ó desenvolvemento da mente do alumnado e, mediante a reflexión dos contidos, recibir unha adecuada formación».

Deste xeito, a representación positiva da bruxa que se atopará nalgúñas das obras propostas permitirá realizar actividades de comparación entre os valores negativos máis vencellados á tradición e os valores positivos máis recentes, e analizar en que medida isto pode afectar as visións das rapazas, que, polo xeral, amosan certo desprezo cara a estas personaxes. Ademais, tamén permitirá levar a cabo unha reflexión co alumnado sobre a evolución que sufriu esta figura co paso do tempo e cos avances socio-culturais e, así mesmo, observar como este cambio abre o camiño a unha representación da muller moito máis rica e diversa, rompendo así coa figura feminina establecida polo canon social e literario.

Cómpre sinalar que este corpus estará formado tres obras diferentes nas que se se pode atopar a figura da bruxa descrita de formas diversas: dende libros cuns valores máis negativos, como acontece coa obra *As bruxas* de Roald Dahl (2006); ata bruxas con valores máis positivos, como os que se poden observar en *Valdemuller*, do xa citado Xosé A. Neira Cruz (2007). Ademais, tamén se traballará co libro *Unha bruxa ben rara*, de Carlos Mosteiro (2007), que serve de transición entre o contraste existente entre as obras anteriores. Con todo, o eixe central da análise recaerá en *Valdemuller*; as outras obras terán un papel secundario, pero tamén importante, dado que se empregarán varios fragmentos para realizar comparacións coas bruxas máis tradicionais e coas que intentan escapar do prototipo maléfico no que levan encadradas durante séculos.

Traballos desta natureza son moi importantes. Na actualidade, a figura da bruxa aínda non foi sometida a unha transformación e renovación na literatura, polo que se precisan propostas para comezar a mudar a perspectiva. Como consecuencia desta longa representación negativa, non se pode falar a día de hoxe dunha

verdadeira re-elaboración desta figura, pois aínda se adoita pensar na bruxa como un ser maligno e desagradable. López Villar analiza esta cuestión nun apartado da súa tese, onde reconece a falta de renovación da figura da bruxa no eido literario:

A pesar de que los nuevos caminos que está tomando la literatura infantil tratan de abordar cuestiones diversas –incluyendo temáticas innovadoras y, en cierto modo, rompedoras con los férreos estereotipos tradicionales–, la lenta renovación del personaje brujo dista mucho de la modernización de la heroína. (López Villar 2021: 42)

Tendo en conta a importancia que ten a meiga na cultura galega, sendo unha das principais protagonistas femininas da súa literatura infanto-xuvenil, non se entende como aínda esta reconstrución do seu personaxe non alcanza os niveis de modernización que xa conseguiron o resto de figuras, como as princesas. Este distanciamento que sofre a bruxa coa representación actual provoca a perpetuación dos roles de xénero máis tradicionais e obsoletos. Con todo, non se pode dicir que non existan cambios en torno á súa figura, pois hai narracións en que a bruxa é comprendida dende outra perspectiva, fuxindo dos parámetros tan limitados cos que adoita caracterizarse. Algúns destes exemplos serán os encargados de conformar o corpus de traballo, no cal tamén aparecerán obras onde aínda se mantén a percepción da bruxa coma un mostro desagradable: é necesario traballar co alumnado as dúas facetas que compoñen a evolución da bruxa, dado que será un dos puntos chave para analizar en que medida a literatura absorbe e plasma os valores da sociedade.

Así, a través desta figura analizaranse os aspectos máis negativos, para que alumnado poida ver como o personaxe da bruxa foi unha ferramenta máis no proceso de desprestixio das mulleres ó longo da historia, representada para provocar medo cara ás mulleres máis sabias e intelixentes do momento; unha estratexia para afastar as rapazas deste modelo de muller, enfocándoas cara a un moito máis submisos e menos molestos para os privilexios dos homes, acomodados nunha sociedade feita por e para eles. Esta estratexia é un dos aspectos centrais dos que se debe falar nas aulas. É parte do contexto esencial que precisa o alumnado para comprender por que a historia non quixo que as bruxas fosen un modelo de imitación, pois eran vistas como «artífices de pactos diabólicos para realizar actos de brujería y cometer crímenes en nombre del diablo» (Beteta Martín 2016: 146).

A cuestión poder ser comentada nas aulas co alumnado, para que eles mesmos poidan comprobar e avaliar a comprensión do libro proposto e analizar os estereotipos que se poden atopar nas distintas protagonistas das obras; neste caso, usando fragmentos seleccionados do propio libro. Estes estereotipos e roles de

xénero divídense en diferentes apartados, polo que o alumnado pode comprender como a literatura, aínda que pase desapercibida, é unha forte vía de transmisión de valores e condutas sociais. Ademais, tamén se pretende conseguir a través destas novas lecturas que o alumnado fomente o pensamento crítico e que aprenda a ler reparando nestas cuestións, guiados sempre polo docente. Isto último é o principal obxectivo deste traballo, pois, se conseguen entender a importancia da comprensión lectora e da reflexión crítica arredor do lido, poderán analizar calquera obra, película, canción... dende calquera perspectiva: feminista, de clase, de xénero etc.

O feito de que o alumnado mellore o desenvolvemento desta capacidade axudaralle tamén a axilizar a súa comprensión noutras áreas de coñecemento e noutro tipo de actividades, como son os comentarios de texto, onde se lle adoita pedir que faga unha análise persoal coherente e composta de argumentos obxectivos. En palabras de Pabón Ortiz (2019: 55): «La lectura de textos literarios busca hacer del estudiante un sujeto de la experiencia, promoviendo seres que lean críticamente y sean capaces de generar su propio juicio frente a la lectura realizada». Partindo desta idea, a lectura guiada convertírase nunha ferramenta para introducir unha nova forma de traballar coa literatura nas aulas, sendo unha metodoloxía moito máis útil ca un mero exame de contidos arredor dunha lectura, onde se pode comprobar que leron o libro, pero non se o comprenderon.

### 3.2. Os valores positivos da bruxa en *Valdemuller*

En *Valdemuller*, Xosé A. Neira Cruz (2007) presenta unha figura da bruxa distante coa representación tradicional que adoita conformar a este personaxe. Esta nova representación vai da man dunha versión moito máis infantil, pois a protagonista, Mina é unha rapaza que acaba de cumprir os 15 anos. Isto, para comezar, xa permite unha maior conexión co alumnado destes cursos, que tamén se atopan en plena adolescencia. Con todo, esta introdución dun novo perfil de bruxa aparece na narración de forma indirecta, xa que non é ata a última liña do libro onde aparece por primeira vez a palabra bruxa: durante toda a obra empréganse eufemismos como «ser da noite» ou «filla da lúa», que ofrecen pistas sobre as catro mulleres desta familia que posúen unhas características particulares.

A obra *Valdemuller* resultou escollida neste traballo como eixe central da análise por varios motivos. O primeiro foi a actitude e personalidade da protagonista, pois, malia ser aínda unha rapaza, amosa unha gran madurez e pensamento crítico, ademais de afondar en temas como os padróns machistas da sociedade cunha gran determinación. Así, pódense atopar varios exemplos en que Mina reflexiona sobre o

papel da muller na sociedade, Amósase completamente en contra da idea da muller submisiva e reservada que ideou a sociedade patriarcal, na que se nega a existencia e a mostra da paixón sexual das mulleres. Isto obsérvase no diálogo que Mina mantén coa súa mellor amiga, Comba, que pensa que unha muller nunca debe declararse a un home, idea que non vai acorde co pensamento de Mina: «Non me poñas esa cara... Sabes de sobra do que falo. Ós rapaces permítenselle facer cousas que en nosoutras están mal vistas.» (Neira Cruz 2007: 63).

Son precisamente este tipo de diálogos os que se poden empregar nas aulas para realizar actividades de debate e de reflexión. Desta forma, a figura de Mina valería como una nova forma de avaliar e comprobar que o alumnado leu e dialogou coa obra escollida. Ademais, serve para comparar coas outras bruxas que aparecen nas outras obras do corpus, pois existen considerables diferenzas entre elas. Así mesmo, poden empregarse outras personaxes femininas de *Valdemuller* como a tía Estela e a tía Lidia. Estas aparecen representadas coma as antecesoras de Mina e conforman igualmente un tipo de muller máis rebelde e determinada, sobre todo para a época en que vivían elas, máis tradicional que a que lle tocou vivir a Mina. O tema pode tratarse, por exemplo, a través dunha actividade centrada nestas tres figuras que analicen a súa personalidade e a súa fortaleza, así como os seus coñecementos. A actividade irá acompañada dunha reflexión grupal arredor deste perfil de muller.

### **3.3.Traballar os roles de xénero con *Valdemuller* e outras obras nas aulas de literatura**

A personaxe de Mina, protagonista de *Valdemuller*, é un bo exemplo para falar desta outra perspectiva de representación das bruxas que dea cabida a unha reflexión sobre a necesidade dunha maior diversidade na representación da figura feminina. Ademais, tamén dá pé a analizar a utilidade de levar a cabo unha lectura guiada e comprobar se realmente é unha boa estratexia para fomentar novos tipos de lecturas para a análise das condutas sociais, estereotipos e roles de xénero que se poden atopar nas narracións ás que se expón ó alumnado dos diferentes cursos. Nelas, polo xeral, asomen este tipo de conceptos sen cuestionalos e sen reflexionar arredor deles e tómanos como unha representación da realidade que posteriormente se manifesta na súa personalidade e no seu comportamento.

Deste xeito, a obra de Neira Cruz presenta magníficos fragmentos para traballar na aula, pois permite reflexionar sobre a necesidade de ofertar propostas de lectura máis igualitarias que permitan unha lectura crítica da propia realidade. Esta pode manifestarse en distintos tipos de personaxes femininos que fuxan da dicotomía

clásica de bo/malo - princesa/bruxa. Unha proposta moi interesante para traballar sería levar a cabo un exercicio de comparación entre os fragmentos de *Valdemuller*, *As bruxas* de Roald Dahl e *Unha bruxa ben rara* de Carlos Mosteiro. Estas obras son perfectas para realizar un percorrido a través do imaxinario que se foi xerando arredor da figura da bruxa. Nelas pódese atopar a Mina, unha rapaza completamente normal; a Raruxa, unha personaxe oprimida pola súa familia de bruxas por non ser o suficiente fea nin mala, é dicir, por non seguir os estereotipos asociados coas bruxas (véxase no Anexo 2 o fragmento escollido); e a Gran Bruxa, que recrea o perfil de bruxa perfecta (fea, noxenta, vella e cruel). Unha lectura comparada de tres fragmentos destas obras serviría de base para realizar un debate nas aulas que fomentase a literatura como ferramenta de crítica e revisión de condutas e valores sociais.

En relación á posibilidade de crear un debate ou mesa redonda na aula, tamén sería moi útil o fragmento de «Fritido como unha torrada», d'*As bruxas* de Roald Dahl (véxase no Anexo 3 o fragmento escollido), xa que permite falar do medo que impoñen as bruxas, polo menos dende a visión tradicional que se ten sobre elas. Así, esta lectura analítica por parte do alumnos e alumnas levaríalos a establecer unha relación sobre a figura da bruxa e a propia denigración que se realizou sobre a muller ó longo de tantos séculos; unha ridiculización que xa foi comentada na primeira parte deste traballo.

#### **4. Conclusións: importancia dunha lectura igualitaria**

Explicados os aspectos anteriores, cómpre sinalar que a integración de novas propostas de lectura e de figuras femininas como a presentada neste traballo teñen un gran valor para o alumnado, pois non só se lle permite ampliar as súas ferramentas de aprendizaxe, senón que tamén se lle aprende a dialogar e atopar novas formas de aprender coa literatura. Porén, o máis importante é o camiño que abren estas propostas na procura de novas percepcións e debates que motivan á evolución do tratamento da materia de xénero nas aulas, xa sexa polas obras de lectura escollidas polos docentes, xa polas actividades deseñadas para traballar a literatura co alumnado. Isto pode amosar unha maior predisposición á hora de analizar estas cuestións nas aulas, véndoo como un aspecto fundamental da materia.

O feito de conseguir que o alumnado amose esta nova perspectiva e este gusto pola análise literaria é unha pedra máis no camiño cara á solución que buscan os centros ante o descoñecemento dos roles de xénero, estereotipos e condutas

sexistas que amosan boa parte dos alumnos e alumnas. Así, non só se aproveita o rol educador da literatura en beneficio da propia educación, senón que tamén se lle dá cabida a unha nova selección de obras para traballar co alumnado. Incrementaríase así o seu interese pola literatura e esta comezaría a ser vista por eles e elas coma unha ferramenta máis para analizar aspectos da sociedade e debater sobre eles dentro e, por suposto, fóra das aulas.

*Valdemuller* e as outras dúas obras do corpus escollidas como contraste son moi boas opcións para traballar na materia de Lingua e literatura galegas, posto que son realmente sinxelas de comprender e, a súa vez, fan que a análise destes valores arredor da figura da bruxa poida realizarse dende unha evolución, como resultado do propio proceso da sociedade, que foi mudando a súa idea sobre a representación das mulleres. Ademais, o feito de ler detidamente co alumnado estas obras fai que lle sexa máis doado poder desenvolver o seu pensamento crítico e a súa capacidade de reflexión a través de lecturas máis igualitarias, que ofrezan novas visións e forxen novas identidades e formas de pensamento. Deste xeito, conseguen atopar as ferramentas necesarias para aprender a afondar en aspectos sociais a través das distintas materias.

Pódese concluír que este tipo de propostas son esenciais para atopar un novo camiño que permita a consecución dun cambio no comportamento e na personalidade do alumnado, mudando o panorama actual, onde a realidade nas aulas aínda está chea de condutas sexistas. Ademais, este tipo de lecturas tamén permiten crear novos vínculos entre o alumnado e o profesorado, xa que entenden que a persoa docente debe ser unha guía durante o seu proceso de aprendizaxe e de crecemento como membros dunha sociedade. Deste xeito, o alumnado séntese máis incluído e moito máis valorado, posto que son eles e elas os verdadeiros protagonistas. Así mesmo, ven a importancia que ten o pensamento crítico nun bo lector e afástanse completamente do modelo obsoleto formado por monólogos de cincuenta minutos onde o discente amosa unha actitude pasiva e o docente ofrece clases teóricas carentes de dinamismo.

## Referencias bibliográficas

Beteta Martín, Yolanda (2016): *Brujas, femme fatale y mujeres fálicas. Un estudio sobre el concepto de mostruosidad femenina en la demonología medieval y su representación iconográfica en la Modernidad desde la perspectiva de la Antropología de Género*. Tese de doutoramento. Universidad Complutense de Madrid. Dispoñible en: <<https://eprints.ucm.es/id/eprint/37932/1/T37284.pdf>>.

- Blanco Prado, José Manuel (2007): «Algunhas consideracións sobre a menciña popular na provincia de Lugo. As curacións por medio de ensalmo. (I)», *CROA: Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga* 27, 66- 78.
- Chantrero Poceiro, Ángela M<sup>a</sup> (2016): «A educación en valores a través da literatura», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega* 1, 117-143.
- Dahl, Roald (2006): *As bruxas*. Vigo: Edicións Xerais.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE nº 340, Mércores, 30 de decembro de 2020, 122868-122953). Dispoñible en: <<https://www.boe.es/boe/dias/2020/12/30/pdfs/BOE-A-2020-17264.pdf>>.
- López Villar, Rebeca (2021): *Representaciones de la Bruja en la creación audiovisual contemporánea (2000-2019): videoarte, cine y televisión*. Tese de doutoramento. Universidade de Vigo. Dispoñible en: <<http://hdl.handle.net/11093/3058>>.
- Mosteiro, Carlos (2007): *Unha bruxa ben rara*. Madrid: Ediciones SM.
- Neira Cruz, Xosé (2007): *Valdemuller*. Madrid: Ediciones SM.
- Noia Campos, Camiño (2018): «A muller habelenciosa nos contos orais», en L. A. Pérez Pérez/A. Reigosa Carreiras (dirs.), *O rol da muller na literatura de tradición oral. Actas actas da XI Xornada de Literatura de Tradición Oral O rol da muller na literatura de tradición oral*. Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega. Dispoñible en: <<https://www.aelg.gal/resources/publications/1546507198980XIXLitTradOralAELG2018WEB.pdf>>.
- Olmo Salazar, Gara Andreina (2020): *Trabajar los roles y estereotipos de género a través de los cuentos infantiles*. Traballo de Fin de Mestrado. Universidad de La Laguna. Dispoñible en: <<http://riull.ull.es/xmlui/handle/915/21382>>.
- Pabón Ortiz, Angie Viviana. (2019): *Desarrollo del pensamiento crítico en los niños y niñas a partir de la experiencia literaria*. Tese de Maestría. Universidad Distrital Francisco José de Caldas. Dispoñible en: <<https://repository.udistrital.edu.co/bitstream/handle/11349/22170/Pab%C3%B3nOrtizAngieViviana2019.pdf?sequence=1&isAllowed=y>>.
- Ramos Jiménez, Ismael. (2009): *Desmontando a Disney. Hacia el cuento coeducativo*. Premio Rosa Regàs. Junta de Andalucía. Dispoñible en: <Disney.v02:Maquetación 1.qxd (educacion.gob.es)>.
- Ros García, Esther (2012-2013): «Los cuentos como herramienta socializadora del género», *Revista de ciencias de la educación*, 329-350. Dispoñible en: <[http://institucional.us.es/revistas/cuestiones/22/art\\_15.pdf](http://institucional.us.es/revistas/cuestiones/22/art_15.pdf)>.

## Anexos

### Anexo 1: “A beleza non está no interior”

Trátase dun *post* que se pode consultar na conta de Instagram @elcuerpoquesomos. Nesta imaxe aparecen dúas nenas vendo debuxos na televisión, onde aparecen dúas princesas e dúas bruxas. A nena da esquerda, que presenta un corpo normativo, aparece sentada mirando cara ás princesas (fermosas, delgadas, alegres...), mentres que a segunda está sentada diante de Úrsula, a bruxa da Sereíña da que xa falamos antes e da Raíña Vermella, do conto de Alicia no País das Marabillas (malas, vellas e que non entran no canon de beleza establecido). A imaxe serve para ofrecer unha visión moi clara do funcionamento desta perpetuación dos canons de beleza femininos, así como esclarece a forma en que se reproducen empregando aspectos da vida cotiá para instauralos no noso pensamento.

Un exemplo moi claro son os debuxos que van dirixidos ás nenas, as cales consomen este contido dende idades moi novas ata a adolescencia, asumindo esta información nas súas etapas máis vulnerables.

### Anexo 2: Fragmento d’*Unha bruxa ben rara*

Este fragmento serve para ver a idea perpetuada da bruxa como ser maligno e arrepiante, imaxe que foi creada ó longo da historia e que a protagonista, Raruxa, non cumpre.

Levar unha bruxiña ao cirurxián para afeala é cousa terrible. É como convencer a unha nena humana para operala de amígdalas. Que choros! A pouco máis temos que levala a rastro. E que gastos! Só a operación do nariz e un xogo de verrugas custan un diñeiral. Xa non falemos se ademais lle queres implantar uns pelos a xogo. Logo está o dos dentes, provocarlles caries custa una barbaridade en *sugos* e lambonadas. Bótalle despois uns desarranxiños no queixo, unhas engurras na fronte, unhas prominencias en cellas e pómulos e xa tes desaxustado o presuposto familiar para una boa temporada.

Pero quedar quedou ben, as cousas como son. Tivemos que subornar o cirurxián pero pagou a pena. Non iamos consentir que lle fixesen un estrago na súa cariña de rosa. Por un módico complemento engadido á factura (en negro, por suposto), o bo do cirurxián consentiu en facelo todo sobre una máscara que logo colocou moi ben

A figura literaria da bruxa como ferramenta de análise dos roles de xénero nas aulas

colocada sobre a cariña bonita da miña filla. Tan axustada quedou que era coma una segunda pel. Todas as Valedoras gabaron a nova imaxe de Raruxa. E nunca maliciaron da trampa.

CARLOS MOSTEIRO, *Unha bruxa ben rara* (2007: 55-56)

### **Anexo 3: Fragmento d'As bruxas**

Este pode ser un dos fragmentos empregados nas aulas para realizar un debate arredor da concepción negativa sobre a figura da bruxa:

#### **FRITIDO COMO UNHA TORRADA**

Tódalas mulleres, ou mellor dito, as bruxas, estaban agora sentadas nas súas sillas, inmóviles e mirando fixamente, como hipnotizadas, para alguén que aparecera de sotaque na tarima. Ese alguén era outra muller.

O primeiro que notei naquela muller foi o seu tamaño. Era diminuta, probablemente non medía máis dun metro trinta centímetros. Parecía bastante nova, boteille uns vintecinco ou vinteseis anos, e era moi fermosa. Levaba un vestido negro moi elegante, longo ata o chan, e luvas negras que lle chegaban ós cóbados. A diferenza das outras, non levaba sombreiro.

A min non me parecía unha bruxa para nada, pero seguramente era imposible que non o fose, porque, doutro xeito, ¿que demos estaba facendo subida na tarima? ¿E porque, por Deus, estaban tódalas demais bruxas contemplándoa con aquela mestura de veneración e medo?

Moi despacio, a moza da tarima ergueu as mans ata a cara. Vin que os seus dedos eluvados desenganchaban algo detrás das orellas e entón... ¡entón beliscou as meixelas e tirou a súa cara dun golpe! ¡A fermosa cara quedou enteira nas súas mans!

¿Era unha máscara!

Cando quitou a máscara, virouse cara a un lado e deixouna coidadosamente nunha pequena mesa que tiña achegada, e cando se volveu de novo e mirou á sala, estiven a piques de botarme a berrar.

A súa cara era a cousa máis horrenda e espantosa que vin xamais. Só de mirala dábanme calafríos.

ROALD DAHL, *As bruxas* (2006), p. 61.

*Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega* é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que recolle traballos académicos dos novos investigadores e investigadoras no ámbito da Filoloxía Galega.

Neste vol. 8 abórdanse temas coma o uso do artigo e posesivo con nomes de parentesco, as identidades e ideoloxías dos neofalantes, o monolingüismo na Educación infantil e a figura literaria da bruxa como motivo de análise nas aulas.

Universidade de Vigo